

## ■ *Juán Rodríguez Yuste*

# PREGOEIRO DA IV FESTA DO VIÑO TINTA FEMIA

### ■ BIOGRAFÍA

Juan Rodríguez Yuste, nacido en Jerez de Caballeros, pasa parte da súa infancia en Sevilla onde cursa estudos primarios. Ós 16 anos trasládase a Madrid onde cursa os Estudios Universitarios. Vive en Galicia dende fai 35 anos, onde casou cunha galega e ten cinco fillos: é por tanto un galego de adopción, enamorado desta terra privilexiada.

A súa vida profesional estivo moi ligada á Administración Pública e á Universidade.

É doctor en ciencias económicas e está en posesión de varios títulos universitarios: dereito, empresariais, política, socioloxía. E tamén inxenieiro.

Foi sucesivamente profesor da universidade de Vigo e da UNED (da que foi secretario xeral).

Ó longo de varios anos foi director xeral de planificación de economía; secretario xeral de relacóns coa Unión Europea e Acción Exterior; directora fundación Galicia-Europa en Bruselas e agora é conselleiro de industria e comercio.

Pero por enriba de todo é un amante de Galicia e sobre todo da maravillosa ría de Pontevedra.

Dende fai 20 anos reside durante o verán coa súa familia en Lapamán, parroquia de Cela no municipio de Bueu, onde se lle fai cada día máis difícil desligarse, polo que ademáis dos veráns pasa tamén a aproveitar os fins de semán e o seu tempo de lecer.

Este galego de adopción é un amante das tertulias e sempre que pode degusta o noso viño Tinta femia do que é un sibarita.